

Convenio	Importe en €	Data sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actividades do Centro de Estudos Cooperativos.	30.000	5-3-2008
Convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización de accións de divulgación da fórmula empresarial cooperativa.	37.000	29-2-2008

SERVICIO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

Resolución do 13 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións para o apoio ao emprendemento feminino como fórmula de loita contra a discriminación no mercado de traballo (programa Omega) e se procede á súa convocatoria.

O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, atribúelle á Vicepresidencia as competencias en materia de igualdade de xénero, que serán exercidas, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e nos termos sinalados na Constitución española.

Ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, correspóndelle, entre outras funcións, a de elaborar plans de actuación, programas piloto e plans-ponte para fomentar o emprego e facilitar a formación profesional das mulleres (artigo 3.8º).

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade no ámbito laboral e formativo. Do conxunto de medidas que nesta norma se refiren para acadar este obxectivo, ten especial relevancia a obriga de aplicar todas as competencias para que a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres e a obriga de adoptar medidas para que todas as cargas familiares sexan obxecto de corresponsabilidade familiar. Neste senso, a conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e dos homes e o fomento do emprego feminino por conta propia ou allea é un dos criterios xerais fixados nesta lei que vincula a actuación dos poderes públicos.

Esta resolución pretende apoiar o emprendemento feminino, a través da concesión dunha serie de axudas económicas, para que as mulleres poñan en mar-

cha as súas iniciativas empresariais e deste xeito acaden a súa propia promoción e contribúan á creación de postos de traballo; e así mesmo para que poidan consolidar, de ser o caso, iniciativas empresariais innovadoras a través da capacitación e formación en novas tecnoloxías.

A través das axudas previstas nesta resolución, establécese un decidido apoio ás mulleres emprendedoras, as axudas ás iniciativas empresariais que poidan promover as mulleres baixo fórmulas de asociación en cooperativas, sociedades laborais e autoemprego como traballadoras autónomas ou mediante a constitución de calquera outro tipo de sociedade legalmente prevista, dando continuidade a un programa básico de fomento, constitúen medidas eficaces para a xeración de emprego, mobilización de recursos e corrección de desequilibrios rexionais que sirvan para reducir a taxa de paro feminino que certamente segue sendo máis elevada que a do home.

A este apoio cómpre engadir as actuacións dirixidas á posta en marcha e consolidación daquelas iniciativas empresariais derivadas de proxectos de investigación e desenvolvemento en innovación liderados por mulleres aplicados a unha actividade económica que constitúen un valor engadido sobre a economía tradicional e, polo tanto, requiren de medidas de apoio de obrigado desenvolvemento por parte dos organismos de igualdade.

Esta resolución supón, polo tanto, a convocatoria unificada de distintas liñas de apoio ás mulleres emprendedoras en función da cualificación da iniciativa empresarial que poñan en marcha. As medidas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e, polo que respecta as accións dirixidas á posta en marcha de iniciativas empresariais, se enmarcan dentro das medidas que este organismo ten programadas para este exercicio no eido do amplo obxectivo de incrementar a taxa de emprego feminino, potenciar mercados de traballo máis inclusivos, e fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. En consecuencia, o apoio ao emprendemento feminino, a través da posta en marcha de iniciativas empresariais, supón a finalidade da medida 69 inserida no eixo 2, a través da cal se pretende mellorar o acceso da muller ao mercado laboral así como a participación e os progresos permanentes da muller no devandito mercado, co fin de reducir a segregación sexista en materia de emprego e conciliar a vida laboral e privada, xa sexa impulsando a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres a través do apoio ás iniciativas empresariais que combatan a segregación horizontal e vertical das mulleres no mercado laboral no seu papel de empresarias, ou ben favorecendo a conciliación entre a vida laboral e persoal das mulleres que queren poñer en marcha unha iniciativa empresarial. Por outra banda, polo que respecta as actuacións dirixidas ao apoio á consolidación de iniciativas empresariais innovadoras lideradas por mulleres a través da

capacitación e formación en novas tecnoloxías, enmárcanse dentro da liña de acción incluída na medida 72 do eixo 3 do Programa Operativo do Fondo Social Europeo a través da cal se pretende impulsar reformas que fomenten a aprendizaxe permanente e a adaptación á sociedade do coñecemento, dentro do obxectivo de contar cun capital humano altamente cualificado, e tendo en conta así mesmo as prioridades transversais do dito eixo no ámbito do capital humano, isto é, a igualdade de oportunidades, e a consolidación de accións innovadoras relacionadas coas novas tecnoloxías, contribuíndo deste xeito a mellorar a posición da muller no mercado de traballo.

Na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 16/2007 do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2008, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña a esta lei, establécense os requisitos xerais ás subvencións concedidas pola Administración autonómica, normativa á que, en consecuencia se adaptará esta resolución, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Por todo o exposto, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

FINALIDADE E RÉXIME DAS AXUDAS

Artigo 1º.-*Finalidade.*

O obxecto desta resolución é fixar as bases reguladoras e a convocatoria pública para o ano 2008, das axudas e subvencións establecidas polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o emprendemento feminino, como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral co fin de reducir a segregación sexista neste, baixo calquera forma de sociedade, cooperativa, ou establecemento como traballadora autónoma, con domicilio social e fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia. Preténdese tamén darlle continuidade á liña de apoio a aquelas iniciativas económicas e empresariais resultantes da aplicación de proxectos innovadores de investigación e desenvolvemento a actividades profesionais onde o liderado feminino é salientable e que supoñan a apertura e consolidación de novas vías para o emprego a través da aplicación da innovación sobre calquera eido dos sectores produtivos da economía galega, ben sexa polo desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas e da aplicación de novas fórmulas sobre a produción, a distribución ou coa chegada ao mercado de produtos anovadores coa perspectiva de

consolidación, constituíndo unha opción significativa de cara á mellora no emprego das mulleres galegas, incluíndo aquelas iniciativas empresariais lideradas por mulleres, empresarias autónomas ou empresas constituídas baixo calquera fórmula societaria nas que as mulleres teñan participación maioritaria, que puxesen en marcha ou pretendan consolidar un proxecto innovador impulsando tamén medidas e accións que fomenten a aprendizaxe permanente cara á adaptación á sociedade do coñecemento co obxecto de contar cun capital humano altamente cualificado, así como a consolidación de accións innovadoras relacionadas coas novas tecnoloxías, contribuíndo deste xeito a mellorar a posición da muller no mercado de traballo; todo iso a través das seguintes liñas de axudas:

-Liña 1, de apoio ao emprendemento feminino a través da posta en marcha de iniciativas empresariais.

-Liña 2, de apoio ao emprendemento feminino a través da posta en marcha ou consolidación de iniciativas empresariais innovadoras lideradas por mulleres.

Artigo 2º.-*Financiamento.*

As subvencións incluídas na liña 1 e na liña 2 b1 e b2 relativas á posta en marcha de iniciativas empresariais financiaranse con cargo á partida orzamentaria 05.80.313B.470.0 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, e o importe global destinado a estas ascende a 805.000 €, e as subvencións incluídas na liña 2 b3 correspondente á consolidación de iniciativas empresariais innovadoras lideradas por mulleres financiaranse con cargo á partida orzamentaria 05.80.313B.470.1 por un importe global de 722.329 €. Ambas as dúas liñas de axudas 1 e 2 están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e das contías globais o FSE achega o 80% e o Servizo Galego de Igualdade o 20%. As contías referidas poderán ser incrementadas de acordo coas disponibilidades orzamentarias nos supostos previstos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que iso supoña a modificación do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3º.-*Normativa aplicable.*

A tramitación de solicitudes e concesión destas axudas axustarase ao disposto nesta resolución, no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis*, no Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais

da Comunidade Autónoma para 2008; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña a Lei 9/2007, do 13 de xuño; nesta resolución e demais normativa de aplicación.

En canto á información e publicidade das accións que se realicen ao abeiro desta resolución rexerá o disposto no Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo de Desenvolvemento Rexional e demais normativa de aplicación.

Artigo 4º.-Beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas:

a) Liña 1:

a.1) As mulleres individualmente consideradas que, atopándose en situación de desemprego ou inactividade, se establezan como traballadoras autónomas ou se constitúan baixo unha forma societaria de carácter unipersoal, que desenvolvan, de xeito habitual, a súa actividade profesional na empresa para a que se solicita subvención e creen, polo menos, un posto de traballo por conta allea desempeñado por unha muller e que teñan o inicio da súa actividade entre o 1 de marzo de 2007 e o 29 de febreiro de 2008.

a.2) As mulleres que, atopándose en situación de desemprego ou inactividade, se unan ou asocien baixo calquera forma societaria, e creen postos de traballo de, polo menos, dúas das mulleres, e que teñan o inicio da súa actividade entre o 1 de marzo de 2007 e o 29 de febreiro de 2008.

Os postos de traballo, sexan por conta propia ou por conta allea, que se creen para dar cumprimento ao establecido nesta alínea a), teñen que estar cubertos por un período mínimo de cinco anos, computados desde que se producen as altas correspondentes no sistema da Seguridade Social ou mutualidades profesionais.

b) Liña 2:

b.1) As empresarias autónomas, incluídas as sociedades unipersonais, que iniciasen a actividade profesional entre o 1 de xaneiro de 2007 e a data de finalización de presentación de solicitudes, partindo dunha situación de desemprego, inactividade laboral ou ben que se constitúen en empresarias co fin de mellorar a súa empregabilidade, e que desenvol-

van, de xeito habitual, a súa actividade profesional na empresa para a que solicitan a subvención.

b.2) As empresas participadas maioritariamente por mulleres que iniciasen a súa actividade entre o 1 de xaneiro de 2007 e a data de finalización de presentación de solicitudes e nas cales a maioría das mulleres acceden á condición de socias partindo dunha situación de desemprego ou inactividade laboral ou ben adquiren esta condición de socias co fin de mellorar a súa empregabilidade. En todos os casos cumprírase o requisito mínimo de existencia dunha socia que desenvolve o seu traballo na empresa.

b.3) As empresarias autónomas, ou empresas participadas maioritariamente por mulleres con actividade ininterrompida como empresarias entre 1 e 3 anos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen axuda Emega na creación da empresa, para sufragar os gastos derivados da formación e capacitación como consecuencia da incorporación de novas tecnoloxías de cara á consolidación da empresa.

2. Para os efectos do cumprimento do requisito de creación de postos de traballo por conta allea non se computarán os contratos de interinidade.

3. As solicitantes deberán cumprir así mesmo os requisitos xerais exixidos no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A opción das interesadas á subvención dunha ou outra liña de axuda cando reunisen os requisitos de ambos os dous expresarase no anexo I de solicitude.

Artigo 5º.-Axudas.

1. As axudas consistirán nunha subvención, e por unha soa vez, que como máximo será de 18.000 euros para a liña 1 e de 12.000 euros para a liña 2. Esta subvención non poderá superar o 50% do orzamento total do proxecto reflectido no programa de investimentos (anexo IV-A) deducido o importe correspondente á provisión de fondos, excepto no suposto previsto no artigo 4º.1.b.3), e a súa concesión será compatible con outros programas elaborados polas administracións públicas, agás que se trate de subvencións do mesmo tipo, concepto e finalidade. A suma total das axudas percibidas para o desenvolvemento do proxecto empresarial non pode exceder do 55% do seu custo total, respectando os límites establecidos nesta resolución. As axudas de ambas as dúas liñas son incompatibles e non procederá este tipo de subvención cando se percibise con anterioridade.

2. As axudas correspondentes á liña 1, regulada no artigo 4º.1.a), e as relativas á liña 2, reguladas nos puntos b.1) e b.2) do artigo 4º.1, están destinadas a sufragar gastos derivados da posta en marcha e funcionamento das iniciativas empresariais nos períodos establecidos no artigo anterior. Consideraranse

gastos susceptibles de subvención os destinados á man de obra empregada na reforma ou adecuación do local (desagregada e xustificada segundo se exige no anexo IV-A), a adquisición de mercadorías co límite máximo de 3.000 euros, o material funxible, o alugueiro do local e maquinaria, os gastos correntes (auga, luz, teléfono e similares), taxas por autorizacións administrativas e os gastos de elaboración do cartel informativo exigido no artigo 16º.

As axudas reguladas no punto b.3) do artigo 4º.1 están destinadas a sufragar os gastos correntes derivados da capacitación e formación para a modernización e adaptación da empresa á sociedade do coñecemento e ás novas tecnoloxías de cara á súa consolidación, incluídos os gastos derivados dos alugueres e mantemento dos equipamentos, os gastos correntes de adaptación de *software* das empresas, elementos de funxibles ou removibles (discos, cintas, etc.), conceptos tales como a cota de conexión, mantemento e hospedaxe, ou outros similares, desagregados segundo se existe no anexo IV-B.

En todas as axudas reguladas nesta resolución tamén se incorporan como gastos susceptibles de subvención destinados a facilitaren a conciliación da vida laboral e familiar entre homes e mulleres (co límite máximo de 3.000 euros), os seguintes:

a) Os gastos derivados da substitución das socias ou empregadas por motivos de permiso maternal ou coidados durante o embarazo co sentido de colaborar desde a Administración a facer compatible a maternidade coa posta en marcha ou consolidación da empresa.

b) Os gastos de servizos de gardarúa, para nenas e nenos de entre 0 e 6 anos, que se presten en horario de formación e capacitación.

c) Os gastos de servizos de canguros, para nenas e nenos de entre 0 e 6 anos, que se realicen en horario de formación e capacitación.

d) Os gastos de asistencia domiciliaria durante o horario de formación e capacitación, en caso de ter unha persoa dependente ao cargo.

Non se consideran gastos subvencionables os correspondentes a stock, construción de edificios, leasing, gastos de persoal salvo os indicados anteriormente ou os vinculados directamente á formación, os derivados de obrigas tributarias non subvencionables e todos aqueles que poidan ser considerados como investimentos en capital fixo.

CAPÍTULO II PROCEDEMENTO

Artigo 6º.-*Solicitudes*.

1. As solicitudes presentaranse, no modelo normalizado que se publica como anexo I, no cal teñen que indicar o tipo de liña para o que solicitan a subvención, no rexistro do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, ou por calquera das

formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, xunto coa documentación que se relaciona:

a) Se a solicitante é persoa física, copia do DNI; se é persoa xurídica, copia compulsada do documento de constitución da sociedade, copia do DNI de todas as socias, ou socios no caso da liña 2, da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade e do CIF da empresa.

b) Datos da promotora (anexo II). Cando se trate de sociedades, presentarase un anexo por cada socia e cando se trate da liña 2 presentaranse os currículos das persoas promotoras.

c) Informe orixinal de vida laboral, actualizado, emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e/ou pola mutualidade profesional, da empresaria autónoma ou de todas as socias, segundo corresponda.

d) Copia compulsada das altas das promotoras no réxime correspondente da Seguridade Social e/ou mutualidade profesional, segundo corresponda.

e) Copia compulsada da alta fiscal da empresa na actividade económica.

f) Memoria descritiva e memoria económica do proxecto da actividade, segundo os anexos III e IV desta resolución. Ás solicitudes para a liña 2 xuntarase unha memoria complementaria que referirá, polo menos, os seguintes extremos: descrición detallada do proxecto, experiencias de implantación, situación e/ou conexión no mercado, destino do produto, necesidades que se van ou se están a cubrir, ámbito de desenvolvemento e localización, sectores económicos afectados, descrición detallada de investimentos (incluíndo relación de facturas), fontes de financiamento, descrición de medios humanos, situación laboral-familiar das traballadoras, necesidades de capacitación e formación no ámbito da empresa e propostas de actuación (para a liña 2.b.3), entidades, empresas ou administracións de apoio no proxecto, etc.

g) Compromiso expreso de creación de postos de traballo por conta allea (anexo V).

h) Declaración do conxunto de todas as axudas *de minimis* por calquera concepto recibidas polas solicitantes das distintas administracións públicas competentes durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, segundo o modelo que figura como anexo VI. Ademais unha declaración complementaria actualizada do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (anexo VII).

i) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta da solicitante en que conste: o código de banco, o código de sucursal, o dígito de control e o código de conta corrente.

j) De ser o caso, documentación acreditativa das situacións específicas obxecto de valoración segundo o establecido no artigo 9º.

Artigo 7º.-Prazo de presentación de solicitudes e instrución.

1. O prazo de presentación de solicitudes será duns meses contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. O órgano competente para levar a cabo a tramitación dos expedientes de axudas é a unidade administrativa correspondente da Dirección Xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

3. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente, as unidades administrativas encargadas da tramitación dos expedientes requirirán as interesadas para que, no prazo de dez días, acheguen os documentos preceptivos ou emenden os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixesen, teranse por desistidas da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8º.-Comisión de valoración.

1. A directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller designará unha comisión de valoración, que estará composta, polo menos, por tres membros, a presidenta, que será a secretaria do organismo, e dous vogais, actuando un deles como secretario. Se, por calquera causa, no momento no que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a directora xeral. Para o estudo das solicitudes da liña 2 a comisión poderá solicitar asesoramento para a avaliación dos proxectos de persoas expertas designadas polo departamento competente en innovación e desenvolvemento da Xunta de Galicia.

2. Unha vez avaliados os expedientes e determinados os gastos subvencionables previstos para cada proxecto, a comisión de valoración establecerá a puntuación mínima tendo en conta o crédito orzamentario establecido no artigo 2º e presentarlle, á directora xeral, a correspondente proposta de adxudicación.

Artigo 9º.-Criterios de valoración.

1. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas, valorando os proxectos debidamente xustificadas conforme o seguinte baremo:

a) Para a liña 1:

a.1) Experiencia laboral da promotora: máximo 20 puntos.

a.2) Número de postos de traballo que se vaian crear, tendo en conta a duración e características do contrato na súa totalidade, con consideración especial para aqueles que vaian ser desempeñados por mulleres desempregadas e paradas de longa duración con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral, así como os postos de traballo desempeñados por mulleres que se atopen en situación de especial dificultade derivada da violencia de xénero ou risco de exclusión social.

a.2.1) Características dos compromisos das contratacións por conta allea: máximo 30 puntos.

a.2.2) Tipos de contratos a mulleres por conta allea: máximo 40 puntos.

a.2.3) Postos de traballo das propias promotoras do proxecto: máximo 30 puntos.

a.2.4) A valoración dos postos de traballo que se creen por conta propia e os que se creen por conta allea con contrato indefinido incrementarase en 15 puntos cando sexan desempeñados por mulleres que se incorporan ao mercado laboral en situación de violencia de xénero ou con risco de exclusión social ou despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a vida laboral e familiar.

a.3) Achega de carácter privado das promotoras do proxecto: máximo 20 puntos, aplicable sempre que as achegas superen a contía equivalente aos gastos subvencionables.

a.4) Interese da acción que se vai executar desde o punto de vista do desenvolvemento económico da área beneficiada, para os efectos da cal se terán en conta aquelas empresas que se implanten en localidades con maior índice de desemprego feminino, tanto no ámbito urbano coma no rural: máximo 15 puntos.

a.5) Incorporación de novas tecnoloxías cunha visión de desenvolvemento sustentable en canto á súa utilización: máximo 15 puntos.

a.6) Establecemento de recursos de conciliación como horarios flexibles ou outras facilidades: máximo 15 puntos.

a.7) Atoparse en situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 3 meses inmediatamente anteriores ao inicio da actividade ou 6 meses discontinuos dentro do período do ano inmediatamente anterior ao inicio da actividade: 20 puntos.

b) Para a liña 2:

b.1) Proxectos innovadores aplicados en sectores de menor índice de emprego feminino: máximo 10 puntos.

b.2) Proxectos innovadores aplicados en sectores e/ou zonas de salientable retroceso económico: 10 puntos.

b.3) Proxectos innovadores que contén con participación activa no seu desenvolvemento con investigadoras e científicas galegas altamente cualificadas: máximo 10 puntos.

b.4) Proxectos innovadores xurdidos de centros de investigación ou centros tecnolóxicos: máximo 10 punto.

b.5) Proxectos innovadores xurdidos da iniciativa doutras empresas: máximo 5 puntos.

b.6) Número de postos de traballo por conta propia, con consideración especial para aqueles que vaian ser desempeñados por mulleres inactivas, desempregadas ou paradas de longa duración con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral, así como os postos de traballo desempeñados por mulleres que se atopen en situación de especial dificultade derivada da violencia de xénero ou risco de exclusión social: máximo 10 puntos.

b.7) Número de postos de traballo por conta allea, tendo en conta a duración e características do contrato na súa totalidade, con consideración especial para aqueles que vaian ser desempeñados por mulleres desempregadas e paradas de longa duración con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral, así como os postos de traballo desempeñados por mulleres que se atopen en situación de especial dificultade derivada da violencia de xénero ou risco de exclusión social: máximo 15 puntos.

b.8) Achega de carácter privado ao proxecto: máximo 15 puntos.

b.9) Establecemento de recursos de conciliación como horarios flexibles ou outras facilidades: máximo 15 puntos.

b.10) Atoparse en situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 3 meses inmediatamente anteriores ao inicio da actividade ou 6 meses discontinuos dentro do período do ano inmediatamente anterior ao inicio da actividade: 20 puntos.

Artigo 10º.-*Resolución.*

1. A resolución dos expedientes de axudas, unha vez fiscalizada a proposta da comisión de valoración pola intervención delegada, correspóndelle á directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. O prazo para resolver será de catro meses, que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase desestimada.

3. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes desde a súa notifica-

ción, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. As subvencións concedidas publicaranse segundo dispón o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Na páxina web oficial do organismo e nos cinco días seguintes á notificación da concesión e unha vez recibida a aceptación, publicarase a relación de concesións con expresión da beneficiaria, a contía e a finalidade, segundo indica o artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 11º.-*Aceptación da subvención.*

No prazo de dez (10) días hábiles, desde a recepción da notificación da concesión da subvención, as beneficiarias deberán manifestar por escrito a súa aceptación comprometéndose a cumprir os prazos e requisitos establecidos nesta convocatoria. De non recibirse a aceptación neste prazo entenderase tacitamente aceptada. O escrito de aceptación dirixirase ao órgano competente para resolver e sen prexuízo da obriga de presentación por calquera das formas previstas no artigo 33.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e co fin de evitar atrasos na tramitación comunicarse por fax ao órgano competente durante o período de aceptación.

Artigo 12º.-*Obrigas das beneficiarias.*

1. Ademais das obrigas xerais establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a percepción de axudas públicas, as beneficiarias das subvencións están obrigadas a:

a) Non alterar o destino da subvención.

b) Iniciar a actividade nos períodos establecidos no artigo 4º. Para os efectos desta resolución enténdese que se inicia a actividade cando, no mesmo mes, se producen a alta fiscal da empresa na actividade económica e as altas das promotoras na Seguridade Social ou mutualidade profesional, sen prexuízo da facultade do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller de comprobar a realización material das actuacións propias da empresa de que se trate fronte ao público en xeral.

c) Comunicar, no prazo de 15 días, todas as variacións que se produzan na empresa.

d) Facer o investimento previsto para a posta en marcha da iniciativa empresarial.

e) Ter unha permanencia ininterrompida na actividade de cinco anos como mínimo e cumprir os requisitos de publicidade. Durante este tempo deberá permanecer exposto o cartel ao que se refire o artigo 16º.

f) Cumpriir os compromisos asinados de creación de emprego. Os postos de traballo que se creen, sexan por conta propia ou por conta allea, teñen que estar cubertos por un período mínimo de cinco anos, computados desde que se producen as altas correspondentes no sistema da Seguridade Social ou mutualidades profesionais.

g) Efectuar a xustificación do gasto conforme o establecido nesta resolución.

h) Facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

i) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

2. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa de revogación da subvención, ou de reintegro, se é o caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

Artigo 13º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Unha vez concedida e aceptada a subvención, o seu pagamento quedará condicionado a que as beneficiarias presenten a seguinte documentación:

a) Orixinais e copia das facturas ou documentos equivalentes dos gastos para os cales se concedeu a axuda polos conceptos subvencionables. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e irán acompañados dos correspondentes xustificantes bancarios acreditativos do pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

b) Copia compulsada da inscrición da empresa no sistema da Seguridade Social, de ser o caso.

c) Copias compulsadas dos documentos de alta na Seguridade Social das/os traballadoras/es por conta allea e dos contratos correspondentes, segundo o compromiso de creación de emprego incorporado á solicitude.

d) De ser o caso, copia do libro de familia e xustificación da coincidencia de horarios para os efectos de xustificar a solicitude de servizo de gardarías ou

axuda para canguros; informe médico do Servizo Galego de Saúde ou, se é o caso, de servizos sociais, referido ás persoas dependentes da solicitante.

e) Declaración responsable acreditativa do cumprimento total do orzamento previsto no proxecto, na que constarán os importes dos gastos realmente efectuados e os datos das facturas correspondentes, asinada pola promotora ou promotoras.

f) Declaración complementaria, actualizada, do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentas de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Artigo 14º.-*Período de xustificación.*

1. Con carácter xeral a xustificación comprenderá como máximo gastos efectivamente realizados nos primeiros doce meses de actividade e non se admitirán en ningunha xustificación gastos que excedan dos períodos de inicio de actividade establecidos para cada liña no artigo 4º, tendo como data límite o 30 de novembro de 2008. O período específico de gastos de cada expediente de subvención determínase pola data de inicio da actividade, agás no suposto previsto no punto b) 3 do artigo 4º.1 que se computarán os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o 30 de novembro de 2008, e a xustificación para a percepción da axuda deberá presentarse ata o 5 de decembro de 2008.

2. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentados solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo da resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Artigo 15º.-*Obrigas tributarias e sociais.*

A presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Consellería de Economía e Facenda e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Non obstante, cando non resulte posible obter a certificación telemática ou esta sexa negativa, a unidade tramitadora comunicarlle esta circunstancia ás solicitantes para que, nos cinco días seguintes, acheguen as citadas certificacións.

Artigo 16º.-*Publicidade das accións.*

No lugar onde se leven a cabo as accións correspondentes aos proxectos subvencionados deberá figurar, de forma visible para o público en xeral, un cartel informativo que indique que a acción está cofinanciada polo Fondo Social Europeo e polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade e dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia

cos seus respectivos anagramas. O modelo de cartel coas características técnicas estará na páxina web do organismo na epígrafe de subvencións.

Nas demais accións que correspondan a proxectos subvencionados ao abeiro desta resolución non se reproducirán, en ningún documento, os anagramas das entidades e organismos cofinanciadores agás que, en aplicación da normativa vixente, se produza autorización ou instrución expresa da dirección do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Artigo 17º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, de ser o caso, á súa revogación.

Artigo 18º.-*Reintegro.*

Procederá o reintegro total ou parcial da axuda percibida e a exixencia dos xuros de demora, nos casos e termos previstos nesta resolución, nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na normativa europea de aplicación.

Artigo 19º.-*Seguimento e control.*

As actividades subvencionadas quedan sometidas, durante os cinco anos seguintes ao inicio da actividade ou á data das contratacións por conta allea comprometidas, de ser esta posterior, ás actuacións de supervisión e control do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller; e ás de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda, as previstas na lexislación do Consello de Contas ou as daqueles outros organismos públicos que, de ser o caso, procedan.

Disposicións adicionais

Primeira.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá ditar resolucións de concesión de axudas de carácter complementario, cando existan fondos procedentes de renuncias expresas, de remanentes de subvencións inicialmente concedidas ou por ampliación, logo de publicación, do crédito inicialmente destinado no artigo 2º desta resolución, nos supostos previstos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A comisión de valoración realizará propostas motivadas de adxudicacións complementarias que atenderán proxectos inicialmente desestimados por razón do baremo aplicado.

Segunda.-O prazo para a presentación da xustificación poderá ser prorrogado pola directora xeral cando se trate de subvencións concedidas con carác-

ter complementario e comunicáraselles ás beneficiarias na notificación da resolución de concesión.

Terceira.-De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, e de acordo co artigo 14.1º ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este organismo publicará na súa páxina web oficial as concesións de subvencións segundo se indica no punto 4 do artigo 10º desta resolución, e incluírá as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que, coa presentación da solicitude, se presta expresamente o consentimento para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas físicas e xurídicas beneficiarias e a referida publicidade.

Cuarta.-Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración estatal e autonómica, o Fondo Social Europeo, a Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderán realizar as comprobacións e verificacións que consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Quinta.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta resolución.

Sexta.-Ás beneficiarias das axudas reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.


Disposicións derradeiras

Primeira.-A Dirección Xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2008.

Ana Luísa Bouza Santiago
Directora do Servizo Galego de Promoción
da Igualdade do Home e da Muller



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
 Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I



SERVIZO
GALEGO DE
IGUALDADE

UNIÓN
 EUROPEA
 Fondo Social
 Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO PROGRAMA EMEGA - LIÑAS 1 E 2 DE AXUDAS AO EMPRENDEMENTO FEMININO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP429A	DOCUMENTO SOLICITUDE
-----------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DAS/DOS SOLICITANTES (representantes legais)

DONA		DNI	
[]		[]	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO			
[]			

EXPOÑEN:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 Que coñece/n e acepta/n todos os requisitos e obrigas expresados na resolución de convocatoria incluída a autorización expresada coa sinatura desta solicitude para que o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller solicite a información dos órganos competentes sobre o cumprimento das obrigas tributarias e sociais para recibir axudas públicas, que se estende ao período obrigatorio de mantemento da actividade.

Que considera/n reunir os requisitos exixidos, polo que **SOLICITA** unha subvención con cargo á LIÑA []

(indicar 1 ou 2 segundo corresponda) para os gastos correntes da empresa:

EMPRESA	CIF		
[]	[]		
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
TIPO DE SOCIEDADE	ACTIVIDADE DA EMPRESA		
[]	[]		

DECLARA que presta expresamente o seu consentimento ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, este organismo publique as subvencións concedidas na súa páxina web oficial, e inclúa as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (os anexos presentaranse asinados en todas as páxinas e con data):

<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO DNI DA/O SOLICITANTE E/OU DAS/OS SOCIAS/OS <input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO DOCUMENTO DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE <input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DA DOCUMENTACIÓN DE REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ACTUAR EN NOME DA EMPRESA <input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO CIF DA EMPRESA <input type="checkbox"/> INFORMES ORIXINAIS DA VIDA LABORAL DE TODAS/OS PROMOTORAS/ES <input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DAS ALTAS DAS/OS PROMOTORAS/ES NA SEGURIDADE SOCIAL OU MUTUALIDADE PROFESIONAL <input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DA ALTA FISCAL DA EMPRESA NA ACTIVIDADE ECONÓMICA <input type="checkbox"/> CURRÍCULOS DAS/OS PROMOTORAS/ES <input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRITIVA DO PROXECTO DA ACTIVIDADE (ANEXO III) <input type="checkbox"/> MEMORIA ECONÓMICA DO PROXECTO DA ACTIVIDADE (ANEXO IV) <input type="checkbox"/> MEMORIAS COMPLEMENTARIAS <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO POR CONTA ALLEA (ANEXO V) <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE TODAS AS AXUDAS DE MINIMIS EN 3 ANOS (ANEXO VI) E DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS (ANEXO VII) <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ORIXINAL BANCARIA <input type="checkbox"/> OUTROS []

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 13 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións para o apoio ao emprendemento feminino como fórmula de loita contra a discriminación no mercado de traballo (programa Emeqa) e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DA/O SOLICITANTE Lugar e data , de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		[]
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
		DATA DE SAÍDA
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		

ANEXO II

DATOS DAS PERSOAS PROMOTORAS (PRESENTARASE UN ANEXO II POR CADA UNHA)

DONA/DON		DNI	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
IDADE <input type="checkbox"/> MENORES DE 25 ANOS <input type="checkbox"/> DE 25 A 35 ANOS <input type="checkbox"/> DE 36 A 50 ANOS <input type="checkbox"/> MÁIS DE 50 ANOS			
NIVEL DE FORMACIÓN		CURSOS FORMACIÓN OCUPACIONAL	
¿TEN EXPERIENCIA LABORAL ? <input type="checkbox"/> SI ANOS <input type="checkbox"/> NON		¿TEN EXPERIENCIA LABORAL RELACIONADA COA ACTIVIDADE? En caso afirmativo presentará documentación acreditativa <input type="checkbox"/> SI ANOS <input type="checkbox"/> NON	
SITUACIÓN LABORAL / FAMILIAR DOS ÚLTIMOS DOCE MESES ANTERIORES AO INICIO DA ACTIVIDADE DA EMPRESA (achegarse documentación acreditativa, no seu caso, para a valoración do apartado b) do artigo 9º da convocatoria)			
PERÍODO DE DESEMPREGO ANTERIO AO INICIO DA ACTIVIDADE DAS PROMOTRAS (indicar meses)			
DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN		DESEMPREGO	

ANEXO III

MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROXECTO DA ACTIVIDADE

DENOMINACIÓN LEGAL	DENOMINACIÓN COMERCIAL
FORMA XURÍDICA DA EMPRESA	
<input type="checkbox"/> AUTÓNOMA <input type="checkbox"/> SOCIEDADE ANÓNIMA <input type="checkbox"/> SOC. COOPERATIVA <input type="checkbox"/> SOCIEDADE LIMITADA <input type="checkbox"/> SOCIEDADE L. UNIPERSOAL <input type="checkbox"/> COMUNIDADE DE BENS <input type="checkbox"/> SOCIEDADE CIVIL <input type="checkbox"/> OUTROS	

EN CASO DE PERSOAS XURÍDICAS, INDICAR

SO CIA/O	% CAPITAL

DESCRIPCIÓN DA IDEA / ACTIVIDADE	
DATA DE INICIO DOS INVESTIMENTOS	DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE

DEFINICIÓN DO MERCADO

NECESIDADES QUE PRETENDE CUBRIR
CLIENTES AOS QUE O PRODUTO / SERVIZO SE DESTINA
¿TEN EXPERIENCIA NO MERCADO ? <input type="checkbox"/> SI ANOS <input type="checkbox"/> NON
¿TEN CONEXIÓN CO MERCADO? ¿CAL?
¿CAL É A COMPETENCIA ?

Data e sinatura da/s solicitante/s

Lugar e data

, de de 200

ANEXO IV-A

MEMORIA ECONÓMICA - Liña 1 e liña 2. b)1 e b)2

A) PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE (EUROS)</i>
<i>TERREOS</i>	
<i>EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS</i>	
<i>MAQUINARIA</i>	
<i>INSTALACIÓNS E FERRAMENTAS</i>	
<i>ELEMENTOS DE TRANSPORTE</i>	
<i>MOBILIARIO E ENXOVAL</i>	
<i>EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS</i>	
<i>DEREITOS DE TRASPASO</i>	
<i>DEPÓSITOS E FIANZAS</i>	
<i>CUSTOS DE ADECUACIÓN / REFORMA LOCAIS (1)</i>	
<i>SUBTOTAL (A)</i>	
<i>PROVISIÓN DE FONDOS (IMPORTE NECESARIO PARA O MANTEMENTO DA EMPRESA, ANTES DE COBRAR AS PRIMEIRAS FACTURACIÓNS) (B)</i>	
<i>TOTAL (A + B)</i>	

TOPE POR INVERSTIMENTOS (PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN)

(1) Indicar neste caso o tipo de actuación e desagregar por partidas:

<i>CONCEPTO</i>	<i>MAN DE OBRA (EUROS)</i>	<i>MATERIAIS (EUROS)</i>	<i>TOTAL (EUROS)</i>	<i>PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN GASTOS ELIXIBLES</i>

B) PROGRAMA DE FINANCIAMENTO INICIAL

<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE (EUROS)</i>
<i>CONTRIBUCIÓN DA/S PROMOTORAS</i>	
<i>PRÉSTAMOS</i>	
<i>CRÉDITOS</i>	
<i>SUBVENCIONES CONCEDIDAS</i>	
<i>OUTROS (2)</i>	
<i>TOTAL FINANCIAMENTO</i>	

(2) Indicar calquera outro concepto non especificado anteriormente:

Data e sinatura da/s solicitante/s

Lugar e data

, de de 200

ANEXO IV-A (continuación)

C) CUSTOS DO PRIMEIRO ANO DE ACTIVIDADE - Liña 1 e liña 2. b)1 e b)2

CONCEPTO	2007	2008	PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN GASTOS ELIXIBLES
CUSTOS			
COMPRAS DE MERCADORÍAS.....			
OTROS CUSTOS			
MATERIAL DE OFICINA			
ALUGUER LOCAIS			
ALUGUER MAQUINARIA			
REPARACIÓN E CONSERVACIÓN			
SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES. XESTORÍA			
TRANSPORTES			
PRIMAS DE SEGUROS			
SERVIZOS BANCARIOS			
PUBLICIDADE, PROPAGANDA E RELACIÓNS PÚBLICAS			
SUBMINISTRACIÓNS (AUGA, ELECTRICIDADE E TELÉFONO)			
CONSUMIBLES			
OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS: indicar <input type="text"/>			
OUTROS SERVIZOS			
TRIBUTOS			
(IMPOSTOS, CONTRIBUCIÓNS, ETC.)			
TAXAS POR AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS			
CUSTOS DE PERSOAL			
SOLDOS E SALARIOS			
SEGURIDADE SOCIAL A CARGO DA EMPRESA			
OUTROS CUSTOS DE PERSOAL			
SEGUROS SOCIAIS DAS PROMOTORAS			
CUSTOS FINANCEIROS			
XUROS.....			
OUTROS CUSTOS FINANCEIROS			
DOTACIÓN PARA AMORTIZACIÓNS			
AMORTIZACIÓN DE CUSTOS			
AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO			
CARTEL INFORMATIVO DO ARTIGO 16º			
TOTAL GASTOS			

Data e sinatura da/s solicitante/s

Lugar e data

, de de 200

ANEXO IV-B

C) CUSTOS DO 1 DE XANEIRO DE 2008 ATA O 30 DE NOVEMBRO DE 2008 - Liña 2.b)3

	2008	PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN GASTOS ELIXIBLES
CUSTOS		
ALUGUERES E MANTEMENTO DOS EQUIPOS	<input type="text"/>	
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
ADAPTACIÓN DE SOFTWARE DAS EMPRESAS	<input type="text"/>	
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
ELEMENTOS FUNXIBLES OU REMOVIBLES (DISCOS, CINTAS, ETC.)	<input type="text"/>	
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
COTA DE CONEXIÓN, MANTEMENTO E HOSPEDAXE	<input type="text"/>	
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS	<input type="text"/>	
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
OUTRAS FORMACIÓNS	<input type="text"/>	
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
OUTROS CUSTOS	<input type="text"/>	
<input type="text"/>		
<input type="text"/>		
CARTEL INFORMATIVO DO ARTIGO 16º	<input type="text"/>	
TOTAL GASTOS	<input type="text"/>	

Data e sinatura da/s solicitante/s

Lugar e data

, de de 200

ANEXO V

COMPROMISO DE CREACIÓN DE EMPREGO

Dona con DNI

en calidade de representante ou promotora,

DECLARO que me comprometo a:

a) Crear os seguintes postos de traballo por conta allea, por un período mínimo de cinco anos, de acordo co establecido no artigo 2º da convocatoria, desempeñados por mulleres:

- Contratos indefinidos a tempo completo desempeñados por mulleres.
 Contratos indefinidos a tempo parcial desempeñados por mulleres.
 Contratos de carácter temporal a tempo completo desempeñados por mulleres.
 Contratos de carácter temporal a tempo parcial desempeñados por mulleres.

b) Que as mulleres que se van contratar están en situación de:

- desemprego de longa duración (en situación de desemprego superior a un ano)
 desemprego
 mellora de emprego
 outras situacións

c) Así mesmo, comprométo-me a crear postos de traballo desempeñados por homes.

d) Que os correspondentes contratos e as altas na Seguridade Social formalizaranse antes de rematar o período de xustificación.

Asdo.:

(sinatura de todas as promotoras)

Lugar e data

, de de 200

ANEXO VI

DECLARACIÓN DE AXUDAS PERCIBIDAS NO RÉXIME DE MINIMIS NOS ÚLTIMOS TRES ANOS

Dona con DNI

en calidade de representante ou promotora,

DECLARO :

- Non teño percibido ningunha axuda *de minimis* nos tres últimos anos.
 Teño percibido axuda polo réxime *de minimis*, polas liñas de axuda e importes que se indican:

CONCEPTO DA AXUDA	IMPORTE (EUROS)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Asdo.:

(sinatura de todas as promotoras)

, de de 200

ANEXO VII

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DE AXUDAS

Dona con DNI

en calidade de representante ou promotora,

DECLARO :

Non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas para a miña constitución como autónoma ou para a creación da empresa.

Ter solicitado ou percibido subvencións das administracións ou entidades públicas ou organismos a elas vinculados ou dependentes, para a miña constitución como autónoma ou para a creación da empresa polos conceptos que se indican:

CONCEPTO DA AXUDA	SOLICITADA / CONCEDIDA / PERCIBIDA (*)	IMPORTE (EUROS)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Asdo.:

(sinatura de todas as promotoras)

Lugar e data

, de de 200

* Indíquese o que corresponda

Resolución do 18 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción e á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía, no seu artigo 4, determina que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade definindo os mecanismos para fomentar o protagonismo das mulleres como parte activa do desenvolvemento da nosa sociedade.

A Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, establece no seu artigo 3 como funcións deste organismo colaborar coas entidades que polos seus fins contribúan á consecución dos obxectivos

establecidos; así como incentivar a participación das mulleres na vida política, económica, cultural, educativa e social así como desenvolver actuacións dirixidas a facilitar a súa formación para o emprego.

O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, atribúelle á Vicepresidencia as competencias en materia de igualdade de xénero, que serán exercidas de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece no seu artigo 1 que o departamento competente en materia de igualdade establecerá anualmente un plan de axudas económicas destinadas ás asociacións de mulleres con sede en Galicia para o desenvolvemento de actividades que promovan a prevención, protección, asistencia e acompañamento ás mulleres que sofren violencia de xénero; tamén indica que establecerá axudas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

Nesta convocatoria establécense ás bases reguladoras para as distintas axudas e subvencións que no exercicio 2008 este organismo destina a distintas accións a realizar por entidades de iniciativa social